



Concello de Vilalba

BASES DO V CONCURSO DE ESCAPARATES DE NADAL EN VILALBA

Contido Bases Legais Concurso.

1. Obxecto e finalidade

O Concello de Vilalba, a través da súa *Concellería de Comercio, Turismo e Promoción da Lingua* convoca o V Concurso de Escaparates de Nadal en Vilalba, coa finalidade promover o comercio, e favorecer un ambiente propio das Festas do Nadal.

2. Persoas ás que se dirixe

Poderán presentarse ao concurso todos aqueles establecementos comerciais situados na localidade de Vilalba, independentemente do produto que oferten ao consumidor, ata o venres **13 de decembro de 2024 ás 14.00h, prazo improrrogable.**

3. Requisitos

Os comerciantes interesados deberán enviar un email a cultura@vilalba.es, indicando no asunto do correo “Anexo I – dereitos de imaxe”, anexo que estará dispoñible na web do concello <https://www.vilalba.gal/> e na oficina de cultura.

Deben achegar unha foto do escaparate para subilo ás redes.

As bases do concurso están dispoñibles na web en <http://www.vilalba.es>, no Taboleiro de anuncios do Concello de Vilalba e no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Vilalba.

4. Mecánica de participación/ Requisitos

_ O tema para desenvolver será alegórico ao ambiente propio das Festas do Nadal e sempre combinándoo cos produtos propios do establecemento.

_ Os escaparates deberán permanecer decorados entre o **5 de decembro e o 7 de xaneiro de 2025.**

_ É obrigatorio que os comercios participantes teñan o seu establecemento iluminado e nunhas condicións que permita ao Xurado visualizar claramente o escaparate no seu conxunto, e co distintivo visible que os identifica como participantes do mesmo.

_ As visitas do xurado faranse en calquera momento durante o período no que os escaparates deban estar adornados, e sen previo aviso.

_ Todos aqueles comercios que participen no Concurso e á hora de realizar a visita polo Xurado non estivesen decorados, de acordo coas Bases deste Concurso, quedarán eliminados automaticamente.

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815





Concello de Vilalba

5. Criterios de valoración.

Os criterios de valoración son:

- Creatividade: de 0 a 5 puntos
- Orixinalidade e complexidade: de 0 a 5 puntos
- Artesanía: de 0 a 5 puntos
- Deseño e calidade: de 0 a 5 puntos
- Decoración acorde ao produto a venda: de 0 a 5 puntos
- Atractivo comercial: de 0 a 5 puntos

No caso de empate na puntuación obtida, o xurado establecerá o mecanismo para desempatar.

6. Premios.

Establécense os seguintes premios:

- 1º Premio: 600 €
- 2º Premio: 400 €
- 3º Premio: 200 €
- Premio especial por ser o máis votado en redes sociais: 100 euros, compatible con calquera dos outros tres premios.

Estes premios estarán suxeitos ás retencións fiscais establecidas na lexislación vixente.

O financiamento dos premios farase con cargo á aplicación orzamentaria 430.48942 (orzamento municipal 2025 do Concello de Vilalba).

7. Xurado.

O xurado estará composto por un máximo de 3 persoas, designadas polo Concello para este fin, de distintos ámbitos, presidido por a Concelleira de comercio, turismo e promoción da lingua ou persoa que a substitúa, e actuando de secretaria o/a técnica/o de cultura, ou persoa que a substitúa.

Tanto a composición dos membros do xurado como a resolución dos premios, faranse públicos na páxina web www.vilalba.gal e na Sede Electrónica do concello.

O xurado comprobará que os participantes reúnen as condicións requiridas nas bases, e a resultas desta comprobación procederá a outorgar aos participantes as

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815





Concello de Vilalba

puntuacións de conformidade cos criterios que figuran nas presentes bases e procederá a declarar aos gañadores de cada premio.

Os premios poderán quedar desertos no caso de non cumprir os requisitos mínimos esixidos.

O fallo do xurado darase a coñecer en xaneiro de 2025 a través da páxina web <https://www.vilalba.gal/>, da Sede Electrónica do concello e a través dos distintos medios de comunicación e redes sociais do Concello. A votación popular contabilizarase ata o 2 de xaneiro ás 23:59 horas.

8. Aceptación das bases do concurso.

A participación neste Concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases, así como as decisións do Xurado, podendo quedar excluído todo aquel participante que incumpra as mesmas.

9. Protección de datos de carácter persoal

As persoas participantes aceptan, mediante a súa participación neste concurso, a publicación das súas fotografías nas redes sociais, medios de comunicación e web do Concello de Vilalba; e os seus datos serán tratados de conformidade co recollido na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e a restante normativa aplicable na materia.

10. Dereitos de imaxe.

Cada participante manifesta e responsabilízase de que ostenta os dereitos de imaxe e propiedade intelectual sobre todo o material presentado a concurso. A aceptación da participación supón dar o consentimento ao Concello de Vilalba para empregar as fotografías como parte do material promocional se así se estima oportuno.

En Vilalba, na data indicada na firma electrónica. A Concelleira de comercio, turismo e promoción da lingua, dona María Xosé Fernández Pardo.

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815

